

## ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO DA CORPORACIÓN, DO 31 DE AGOSTO DE 2016

Na Casa do Concello de Silleda, ás dez horas do día trinta e un de Agosto do ano dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da Corporación, en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

### ASISTENTES:

#### PRESIDENTE:

D. Manuel Cuíña Fernández, (PSdeG-PSOE)

#### CONCELLEIROS:

D<sup>a</sup>. Ana Luísa González Costa, (PSdeG-PSOE)  
D. Klaus Brey Montaña, (PSdeG-PSOE)  
D. Jesús Taboada Lázara, (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Pilar Peón Iglesias, (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Fernández Rodríguez, (PSdeG-PSOE)  
D. José Luís Espiño Espantoso, (PP)  
D. Ignacio Maríl Pardo, (PP)  
D<sup>a</sup>. Natalia Iglesias Mendez, (PP)  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Folla González, (PP)  
D. Matías Rodríguez da Torre, (BNG)

Non asiste: D. José Antonio Ramos Dobarro

#### INTERVENTOR:

D. Daniel Rodríguez

#### SECRETARIO XERAL:

D. Manuel Quintáns Queiruga.

Declárase polo Sr. Alcalde-Presidente aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

### ORDE DO DÍA

#### 1º .- TOMA DE POESION DO NOVO CONCELLEIRO MANUEL IGLESIAS PEREZ 1º.- ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES.

Se procede a toma de posesión do novo concelleiro, logo de recibir a credencial da Xunta Electoral Central, tomando promesa ou xuramento que lle formula o Sr. Secretario coa DECLARACIÓN seguinte:

*Sr. Manuel Iglesias Perez, ¿"xura ou promete pola súa conciencia e honor cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleiro de Silleda, con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado"?*

Si, PROMETO.

Despois deste trámite, se declara a toma de posesión do novo concelleiro, a quen o Sr. Alcalde da a benvida en nome de toda a Corporación.

## 2º .- PROPOSTA DE ACORDO COA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGAS (Espina y Delfin S.L.)

### DEBATE E INTERVENCIONS:

*Sr. Alcalde:* expón que se chega a esta proposta amigable de acordo da débeda con ESPINA e outras cuestións, despois do Pleno de Marzo e do informe de Secretaría que a analizaba a reclamación empresarial, que se leva arrastrando ano tras ano, incluso no último exercicio advertiu dunha impugnación aos Orzamentos que finalmente non interpuxo, un tema sempre candente que tiñamos encima e que o goberno sempre repetiu que se estudaría e se tomaría a decisión. Ben, finalmente chegamos aquí con esta proposta, que cancela a débeda, un punto no que teño que felicitar en especial ao Sr. Secretario polo seu traballo que deu lugar o informe en que se basea este acordo, insistindo que o punto 3º dese informe nos recomendaba intentar un acordo amigable, para evitar o recurso os Tribunais, que neste caso non tería ningunha das partes a certeza de que saíra ao seu favor. Así, empresa e concello entendemos que o mellor para todos era acadar este pacto mutuo.

Procede a facer un repaso somero das cantidades que constan na proposta: dos 624.000 € iniciais se pasou a 485.359, os que se descuentan 297.409 das taxas por depuración que cobraba ESPINA, logo de facernos cargo do servizo no 2015, co que quedan 187.950 o seu favor. Aquí o Sr. Secretario entende que hai que restar 58.638 de corrección pola Lei 2/2015 e outros 103.058 pola Disp. Adicional da Lei 2272013, ou sexa que en vez do IPC que reclamaba ESPINA se considera que agora xa non se pode aplicar de xeito automático pola última xurisprudencia e esas novas leis, o que deixa un saldo de + 26.254, ao cal lle fai unha corrección de 28.187 de interese de demora, o que da un resultado final de 1.933,33 a favor do Concello, en lugar dos 187.950 que reclamaban a 31-12-2015 como saldo, logo de restar os cobros da EDAR. Logo de 3 reunións, ESPINA aceptou finalmente a non aplicación do IPC, pero reclamando os 44.859 de obras de inversión que non se recoñecían no informe do Secretario, co argumento de que estaban certificadas polo Concello. Igualmente aplicou unha corrección no cálculo de intereses e reclama o premio de cobranza que lle corresponde por ser o recadador das taxas de depuración. Finalmente se aceptan esas correccións, o que da un resultado final de 860,89 € de saldo favorable ao concello a 30 de Xuño do 2016. Este é o acordo económico. Se remata coa disputa, e non hai nada mais que reclamar. Con isto queda pechado o caso para sempre.

E isto é o que se trae a este Pleno, un acordo que evita o recurso os Tribunais, que pon final a os últimos anos de continuadas reclamacións. Un bo acordo para todos. Ademais se abre a saída de que o concello se vai a facer cargo do servizo a partir do 1 Xaneiro do 2017, que consideramos redundará nun bo servizo para os veciños, en iso confiamos.

*Voceiro do PP:* sostén que non ve o bo acordo por ningunha parte, xa que o que aquí nos trae e o feito de que se lle pagaron a ESPINA 297.000 €, igual que os 87.000 de altas, e 81.000 € do 1º e 2º trimestre que tamén se quedan con eles, e con iso non sei de que presume, aínda que tamén ve elementos positivos, que non haxa que recorrer os Tribunais, porque se vai a perder, por certo, pero considera que o que sae mellor parado é a empresa e non o concello. Desde o ano 2009 non se lle pagou nada a esta empresa e iso supón recoñecer que Vde. fixo unha mala xestión.



**Voceiro do BNG:** comeza dándose "parabéns" por este acordo, lembra ao concelleiro Luís, presente na Sala, que tamén loitou por este asunto. Da a benvida ao novo concelleiro, Casagrande, co que xa ten unha relación de moitos anos. Hai que precisar que se trata dunha extinción do contrato e non dunha rescisión. Este voceiro resalta que está contento coa municipalización da auga, algo no que o BNG incluso foi pioneiro, sempre o defendemos, desde o primeiro día. O PP ten a desfachatez de criticar o feito desde 2007/2008, co inciso da moción de censura, pero lle recordo que este contrato foi unha manipulación e unha estafa realizada polo PP, xa que o contrato de abastecemento do 96 e saneamento do 2003 achacáselle directamente a Roucho, que inventou un contrato para pagar mais a unha empresa. Que se agravou no 2003 co saneamento. Nós no 2010 fixemos un Boletín con números e explicacións reiterando a nosa oposición que iniciamos no 1996. Teño que dicir claramente que a empresa leva gañado 2 millóns de euros en Silleda non do servizo, senón a través dos rasquizes que deixaba o contrato asinado no seu día, algo tremendo. Apunta que a empresa ten recoñecido nalgunha Mesa da Auga que gañan cartos. ¿Cómo non van a gañar?, si só co beneficio industrial xa é un x %, e que teñen que ter beneficios, por lóxica empresarial, o que vai en contra do interese dos veciños. Reitera que estamos ante un fraude social, humano e de Lei, un espolio aos silledenses. Dí que é certo que a débeda hai que mirala dende o ano 1996 ata hoxe e que tamén é certo que se agravou dende o ano 2007. Súmase aos parabéns ao secretario, porque esta cuestión é tamén un traballo de asesoría xurídica e atopou o xeito legal de cuestionar coa xurisprudencia e con esa nova lei que o IPC automático non procede, a base da reclamación empresarial. Do que se aproveita o Concello é de que alguén visualiza que a Lei nos ampara, que ao final o que se está é cumprindo a Lei.

**Sr. Alcalde:** Observa que se antes se abstuvo de facer o resumo que fixo ben agora o voceiro do BNG, é porque entende que se debe de intentar non culpar aos grupos do que fixeran os seus compañeiros noutras Corporacións anteriores, que el mesmo tampouco se ve reflectido nalgunhas cousas feitas polo seu grupo en anteriores lexislaturas. Que tenta non culpar ao grupo do PP do que fixeron outros concelleiros populares antes, cousa que é difícil cando eles culpan ao goberno municipal actual.

Prosigue comentando que o grupo do PP ten tan pouca visión da política que está a cometer os mesmos erros e di que a intervención do seu voceiro o deixa perplexo. Lembra que ano tras ano o PP no debate dos orzamentos municipais reclamaban recoñecer a débeda con Espina y Delfin e que o goberno dicía que se incluíría ao seu tempo, que xa se estudaría. Por tanto, se lle fixeran caso ó grupo actual do PP Espina y Delfin tería cobrado 600.000 euros, grazas a este grupo do Partido Popular, non ao de Corporacións anteriores. Continúa sinalando que el xa recoñece que o mérito é dos técnicos pero que chega un momento en que hai que presumir do que fixo o goberno dende 2008. Que se non conxelaran entón as tarifas en Silleda se pagaría un 26% máis. Que se non se fixera esa xestión Espina y Delfin tería 161.000 euros máis do que se lle está sacando con estas Leis. Recorda que a suba de 2008 que quería a empresa non se aplicou nunca por deficiencias no servizo e que eses 161.000 euros están no bolsillo dos veciños, e que se se tomaran as decisións que propón o PP se terían pagado 160.000 euros máis. Remata dicindo que non fai falta ir a erros pasados porque por desgraza se queren seguir cometendo.

**Voceiro do PP:** Agradece ao alcalde que non os culpe a eles. Considera que os 400.000 euros están reflectidos nos papeis e que a maioría veñen dende o ano 2009, que se a empresa non tivera razón se podía levar aos tribunais.

Resposta o alcalde que os 160.000 euros se reducen aos veciños, que deixan de pagar o recibo. E que claro que se lle deben cartos, que xa se debían case 200.000 euros dende o ano 96, e que a débeda se aumentou polos intereses ao igual que outros preitos anteriores e cita o caso de Indeza ao que o Concello lle debía 450.000 euros e unha sentenza recente

condenou a pagar 518.000 euros de intereses, máis que da débeda principal. Defende que o que está claro e que hai 161.000 euros estarían pagados se non se tiveran conxelado as tarifas, que a débeda que tiña Espina y Delfín de antes non era discutible nos tribunais, que se a empresa non acudiu ao xulgado é porque parte desa débeda non se pode discutir.

**Voceiro do BNG:** Sostén que está ben o triunfalismo que amosa o Alcalde pero que ao final o conseguido é froito da casualidade, dunha nova lexislación, que senón se estarían asumindo esas cantidades. Di que el está de acordo no borrón e conta nova, que os erros hai que recoñecelos pero tamén ver o futuro con optimismo, e lembra que o seu grupo sempre defendeu que a empresa tiña que estar no xulgado xa dende o ano 96.

Procédese á votación, que resulta aprobada por unanimidade.

Pásase ao punto referido á rescisión do contrato coa empresa.

**Sr. Alcalde:** Explica que se prorroga o contrato ata o 1 de xaneiro de 2017 por non interferir na emisión de recibos e porque hai varias cuestións que resolver, e refírese sobre todo á subrogación da planeilla sinalando que se debe de facer un estudo para ver se os seis empregados da empresa traballan a tempo completo ou non no servizo, que hai que verificalo. Explica que a empresa nas negociacións lles dixo que non tiñan ningún inconvinte en continuar realizando o servizo ata finais de mes, co que a concesión que remataría o vindeiro 13 de outubro se prorroga por dous meses e medio.

**Voceiro do PP:** O voceiro do PP manifesta que o seu grupo está de acordo con este punto.

**Voceiro do BNG:** Comenta que como neste punto como se fala da extinción do contrato hai que referirse a el, ao que pasou con este contrato de abastecemento e ao que se asinou de saneamento coa empresa no ano 2003. Continúa sinalando que ademais das eivas que citou anteriormente o contrato ten os rasquizes de todas as concesións, e que por iso sempre din que os servizos básicos non se deben de privatizar. Lembra que durante todo este tempo os cidadáns pagaron o saneamento por duplicado, que é unha taxa de 6,36 euros que se ven pagando dende o 2003. Apunta que é imposible estar a favor deste contrato. Que dende o ano 1996 so houbo unha organización do Concello que atopou obxeccións ao servizo, que foi o BNG e que durante moito tempo o PP propuxo, o PSOE aceptou e os independentes tamén. Que non foi ata despois de 2003 cando veñen os recibos por duplicado, que a poboación se deu conta, que detrás do pobo cando foron as manifestacións estaba o BNG. Apunta que os recibos en Silleda son máis caros que no resto do Estado, que o servizo tiña un lucro bestial que ia subindo ano tras ano. Recordar un pleno extraordinario sobre a auga celebrado en Silleda e insiste que o problema do contrato foi xogar coa ignorancia do pobo .

Toma a palabra o **Secretario Xeral** do Concello para facer unha **aclaración**: que dos dous semestres que quedan Espina y Delfín ingresará por primeira vez **na** historia 83.000 euros correspondentes a dous trimestres e que ademais dende o **Concello** tamén se reclamarán os beneficios da empresa no segundo semestre, ata o 1 de xaneiro de 2017 en que remate a concesión, en concepto de canon, que nunca se lle reclamou.

**Sr. Alcalde:** Concorda con todo o que dixo o voceiro do BNG pero matiza que a taxa de saneamento non é por duplicado, que a rede de saneamento **se** segue facendo cargo Espina y Delfín e o Concello da depuración.

Procédese á votación do punto, que se aproba por unanimidade.

Pásase ao terceiro punto da orde do día sobre a municipalización **do** servizo.

**Voceiro do PP:** *Sinala que o seu grupo está de acordo en municipalizar o servizo pero alega que lle gustaría ter datos, preguntando se hai algún estudo feito do que pode rebaixarse o custe para os veciños, que non teñen datos, que intúen que será máis barato para os veciños pero lle gustaría ter algún dato.*

**Sr. Alcalde:** *Indica que lle gustaría contestarlle pero que cree que xa o vai facer Matías Rodríguez.*

**Voceiro do BNG:** *Defende que se debe de municipalizar xa o primeiro, por unha cuestión humana, porque a auga é un ben básico. Sostén que o servizo debe ser municipal aínda que sexa máis caro, cousa que é imposible. Afirma que o BNG sempre pediron estudos de custos que nunca se fixeron, e que haberá que facelos pero que xa se conta con números reais para demostrar que será máis barato o servizo municipal.*

*Sinala que hai ano e medio a empresa xa ofertou seguir cos prezos que estaban se se prorrogaba o servizo, o que implica que había beneficio. Explica que se se colle un recibo, co concepto de saneamento, o beneficio industrial....fala dun recibo de 43 euros por 6 metros cúbicos consumidos. Afirma que se se pagan 43 euros ao trimestre, só levantarse da silla aforrarse xa o un recibo, o 25 por cento, que iso xa sería fixo.*

*Pregunta o voceiro do PP qué pasará con casas que están pechadas, se xa se sabe algo desas matizacións*

*O alcalde resposta que en setembro do vindeiro ano a Mesa da Auga volverá a reunirse para debater estes temas, porque as taxas non se poden variar a metade do ano, que en setembro de 2017 se decidirá e se verán cuestións como establecer un mínimo de consumo, que o que hai agora de 45 metros cúbicos é unha aberración, aínda que parece lóxico que haxa un mínimo.*

*Toma a palabra o secretario que explica que o mínimo sería para todos, precisamente por iso, por ter un servizo e porque o Concello ten a obriga de mantelo.*

*Pregunta o voceiro do PP se o estudio a facer é moi custoso.*

*Toma a palabra o alcalde que sinala que o máis custoso será asumir o persoal do servizo. Aclara tamén que en 2017 hai que seguir cos mesmos recibos que agora, e que a partir de entón, e unha vez se vexa como vai se establecerá a nova tarifa.*

**Voceiro do BNG:** *Comenta que independentemente de que sexa mellor hai unha cuestión debe se debe ter clara. Que a Mesa da Auga haberá que convocala antes de setembro do ano que vén. Que se considera que hai que pagar polo que se consume. Que entende que as mesas son de debate e que hai unha oficina tributaria pola que se está pagando 100.000 euros ó ORAL. Recorda que se neste ano vai haber un ano de carencia, haberá tamén un lucro do 25% para o Concello e que eses cartos se deben de reinvestir en piscinas, ríos, saneamento e converter a Silleda nun exemplo de xestión ambiental, sobre todo despois de sufrir tanto tempo este tema da auga. Tamén aposta por establecer bonos sociais.*

*Refrenda por último que hoxe nun concello pequeno coma este non se pode lucrar ninguén. Que despois de tantos anos a decisión que se toma hoxe é como para festexar, para brindar. Que isto debe ser un modelo a seguir co resto de servizos básicos, e que tamén se pode aplicar a sectores como a enerxía eléctrica.*

*Sr. Alcalde:* asegura que máis alá das diferenzas que poida haber hoxe é un día importante no que se cerra un capítulo que deu moitos dolores de cabeza e que agarda que todo o acordado sexa para ben de todos e agradece aos membros da Corporación que o acordo saíse adiante por unanimidade.

*Inciso:* o voceiro do BNG se levanta do seu asinto e comeza a aplaudir cara aos periodistas facendo comentarios positivos sobre a transcendencia do acto. Lle seguen outros aplausos de concelleiros...

.....

**“ACORDO COA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGAS (Espina y Delfin S.L.)**

**A.- PARA LIQUIDAR A RECLAMACION DE DEBEDA DA EMPRESA DE COMUN ACORDO.**

**B.- PARA A EXTINCION DO CONTRATO VIXENTE CON DATA EFECTIVA DE 1 XANEIRO DE 2017 (Non renovación do actual que finaliza en Outubro).**

**C.- ASUNCION DIRECTA POLO CONCELLO DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E DEPURACIÓN DAS RESIDUAIS, A PARTIRES DO 1 DE XANEIRO DO 2017, COA DELEGACION NO SERVIZO DE RECADACION DA DEPUTACIÓN (ORAL) DESA XESTION RECADATORIA, CON SUBROGACION DOS TRABALLADORES DA CONCESIONARIA AFECTOS AO SERVIZO.**

O Sr. Alcalde expón que logo dunha problemática que ven de anos atrás, a partires de Xaneiro e mais en concreto logo do informe de Secretaría de 3 de Marzo e do acordo plenario de 31 de Marzo, se entrou nunha fase de negociación coa empresa co obxectivo de negociar as diferenzas económicas existentes, sobre todo, e que cristalizou nunha reunión mantida entre as partes o 24 de Agosto na que se chegou a un acordo mutuo que se sintetiza no texto que se transcribe:

.....

**ANTECEDENTES:**

**1. Informe Secretaría.** *ESPINA Y DELFIN* na súa condición de concesionario do servizo público de abastecemento e saneamento de augas, contrato asinado o 14 de Outubro de 1996, cun período contractual que remata o vindeiro 14 Outubro de 2016 (20 anos) reclama unha débeda pendente a 31.12.2015, arrastrada desde o inicio da concesión. No Pleno celebrado o 30 de Marzo de 2016 deuse conta do Informe Xurídico de Secretaría **“SOBRE A RECLAMACIÓN DE DEBEDA DO ADXUDICATARIO DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA (ESPINA E DELFIN)”**, que consta en Acta, a que me remito para evitar repeticións innecesarias, na cal, logo de varias consideracións xurídicas e cálculos aplicables, fixo a **CONCLUSION/BALANCE** seguinte.

Concepto	Cantidade
Reclamación ESPINA	485.359,69
Taxas Depuración/favor Ayto.	297.409,14
SALDO ESPINA (Inicialmente), a favor	187.950,55
Corrección da Lei 2/2015 (2º,3º,4º trimestre)	-58.638,07
Corrección da Disp. Adicional 88 da Lei 22/2013 (85.352,28 do 2014 + 17.705,99 1º Tri 2015)	-103.058,27
<b>SALDO FAVOR ESPINA</b>	<b>+ 26.254,21</b>
Corrección intereses de demora – 28.187,54 sobre los 84.613,79 incluidos	– 28.187,54
<b>SALDO FAVOR CONCELLO</b>	<b>+ 1.933,33</b>

Asinado. O SECRETARIO. Manuel Quintans Queiruga. 3 de Marzo de 2016

**2.- RESPOSTA ESPINA.** O concesionario, logo das reunións mantidas, nun tono de cordialidade e actitude construtiva sobre o que teño que poñer énfase, a favor da empresa, a pesares de atoparnos nunha situación de controversia mutua, rematou considerando que se inclinaba polo acordo amistoso, rexeitando a vía dos Tribunais, a vista do Informe de Secretaría, coas matizacións de reivindicar que o saldo por obras de inversións estaba debidamente certificada polo propio Concello e que discrepaba nunha diferenza no cálculo de “eliminación de intereses” e no premio de cobranza, segundo se recolle no cadro que segue:

Concepto	Cantidade
Reclamación ESPINA	485.359,69
Taxas Depuración/favor Ayto.	297.409,14
SALDO ESPINA (Inicialmente), a favor	187.950,55
Corrección da Lei 2/2015 (2º,3º,4º trimestre)	-58.638,07
Corrección da Disp. Adicional 88 da Lei 22/2013 (85.352,28 do 2014 + 17.705,99 1º Tri 2015)	-103.058,27
<b>SALDO FAVOR ESPINA</b>	<b>+ 26.254,21</b>
Corrección intereses de demora – 28.187,54 sobre los 84.613,79 incluidos	– 28.187,54

<b>SALDO FAVOR CONCELLO</b>	<b>+ 1.933,33</b>
Saldo inversiones obras y otros	44.859,33
Diferencia cálculo eliminación intereses	22.683,03
Premio cobranza recadación taxa depuración	15.014,96
Recadación taxa servizo depuración 1º TR.2016	- 41.086,77
Recadación taxa servizo depuración 2º TR.2016	- 40.398,11
<b>SALDO FAVOR CONCELLO</b>	<b>860,89 €</b>

### 3.- CONCLUSION PROVISIONAL.

Sobre os datos expostos, co engadido de computar o ingreso das taxas por depuración do 1º e 2º trimestres do 2016, e tendo en conta a documentación óbrante no expediente así coma os antecedentes da adxudicación no ano 1996, en presenza do Sr. Secretario, Manuel Quintans Queiruga, que da fe, ESPINA Y DELFIN S.L. representada por AMADOR MOSQUERA LISTE, Apoderado da empresa con facultades notariais/estatutarias para este acto, e o Director do Servizo de Augas Juan J. Somoza Rodriguez, chegaron co Sr. Alcalde de Silleda, aos acordos previos a súa aprobación plenaria seguintes:

#### **A.- PARA LIQUIDAR A RECLAMACION DE DEBEDA DA EMPRESA DE COMUN ACORDO.**

Segundo o cadro antedito, a **30 de Xuño do 2016** a liquidación da débeda pendente e reclamacións da empresa se sitúa en **860,89 € a favor do Concello**, quedando definitivamente pechada calquera discrepancia nese senso, sen que ningunha das partes poida reabrila no futuro.

#### **B.- PARA RESCINDIR O CONTRATO VIXENTE CON DATA EFECTIVA DE 1 XANEIRO DE 2017 (Non renovación do actual que finaliza en Outubro).**

As partes acordan que o contrato actual que remata en Outubro se rescinda con data 1 Xaneiro de 2017 –por non renovación– dando por extinguida a actual concesión, a tódolos efectos legais, fixándose esa data en concepto de prórroga de tres meses, para facilitar a mais adecuada transición da titularidade do servizo e por cuestións de operatividade práctica.

#### **C.- ASUNCION DIRECTA POLO CONCELLO DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E DEPURACIÓN DAS RESIDUAIS, A PARTIRES DO 1 DE XANEIRO DO 2017, COA DELEGACION NO SERVIZO DE RECADACION DA DEPUTACIÓN (ORAL) DESA XESTION RECADATORIA, CON SUBROGACION DOS TRABALLADORES DA CONCESIONARIA AFECTOS AO SERVIZO.**



- Paralelamente ao remate da concesión, o servizo de ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS pasará a ser municipalizado, asumindo o Concello a xestión directa.
- A subrogación legal dos traballadores na plantilla municipal, por imperativo legal, se concretará antes da data límite de 1 Xaneiro de 2017.
- Igualmente a delegación, no seu caso, da recadación no ORAL.

NOTA: reunión que tivo lugar o 24 de Agosto de 2016, participando Manuel Quintans Queiruga, que da fe, ESPINA Y DELFIN S.L. representada por AMADOR MOSQUERA LISTE, Apoderado da empresa con facultades notariais/estatutarias para este acto, e o Director do Servizo de Augas Juan J. Somoza Rodriguez, xunto co Alcalde de Silleda. Transmitida por correo electrónico a empresa o 25 de Agosto. DOU FE. Manuel Quintans. SECRETARIO.

Dado en Silleda a 24 de Agosto do 2.016.

O ALCALDE  
Asdo.: Manuel Cuiña Fernández

DA FE:  
O Secretario  
Manuel Quintáns Queiruga “””””

.....

Sobre estes antecedentes e os que figuran no expediente, por unanimidade dos 11 concelleiros presentes -6 do PSOE, 4 do PP e 1 do BNG-, dos 13 que compoñen a Corporación, facéndose a votación por separado dos 3 puntos, e despois dun debate que consta en Acta, á que me remito,

#### SE ACORDA:

##### A.- LIQUIDACION DA RECLAMACIÓN DE DÉBEDA DA EMPRESA DE COMUN ACORDO.

Segundo o cadro antedito, a **30 de Xuño do 2016** a liquidación da débeda pendente e reclamacións da empresa se sitúa en **860,89 € a favor do Concello**, quedando definitivamente pechada calquera discrepancia nese senso, sen que ningunha das partes poida reabrila no futuro.

##### B.- EXTINCION DO CONTRATO VIXENTE CON DATA EFECTIVA DE 1 XANEIRO DE 2017 (Non renovación do actual que finaliza en Outubro).

As partes acordan que o contrato actual que remata en Outubro se extinga con data 1 Xaneiro de 2017 dando por concluída a actual concesión, a tódolos efectos legais, fixándose esa data en concepto de prórroga de tres meses, para facilitar a mais adecuada transición da titularidade do servizo e por cuestións de operatividade práctica. Ata esa data ESPINA se fará cargo do cobro das taxas de depuración, que se ingresarán directamente no Concello, previo desconto do prezo de cobranza, corresponde ao 2º e 3º trimestres de 2016. Igualmente se reclamará un canon municipal polo 2º semestre actual sobre os ingresos de abastecemento de auga.

**C.- ASUNCION DIRECTA POLO CONCELLO DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E DEPURACIÓN DAS RESIDUAIS, A PARTIRES DO 1 DE XANEIRO DO 2017, COA DELEGACION NO SERVIZO DE RECADACION DA DEPUTACIÓN (ORAL) DESA XESTION RECADATORIA, CON SUBROGACION DOS TRABALLADORES DA CONCESIONARIA AFECTOS AO SERVIZO.**

- Paralelamente ao remate da concesión, en data 1 Xaneiro de 2017, o **servizo de ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS pasará a ser municipalizado, asumindo o Concello a xestión directa**, interesando a ESPINA que aporte documentación acreditativa dos custes actuais do servizo, para a máis axeitada información/xestión municipal.

- A subrogación legal dos traballadores na plantilla municipal, por imperativo legal, se especificará antes da data limite de 1 Xaneiro de 2017 –continuando as xestións e contactos coa empresa e a sinatura dos documentos necesarios entre as partes-, quedando pendente moi en especial a concreción da dedicación horaria exacta de tódolos empregados, coa documentación que aporte ESPINA, sen que o concello se faga cargo na súa totalidade das tarefas que estiveran desenvolvendo noutros municipios –coa conseguinte corrección económica-, en función da organización interna actual da concesionaria.

- Igualmente a delegación, no seu caso, da recadación no ORAL, no suposto de que o Concello estime non continuar coa relación laboral da traballadora actual de ESPINA, coa pertinente indemnización recoñecida legalmente.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión as doce horas, estendéndose a presente acta, do que dou fe e certifico, na miña condición de feudatario público.

Silleda, a 31 de Agosto de 2016



O SECRETARIO

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga